



**Expte. Cividas: 2018000204**

**DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, 15 de marzo de 2018**

Visto o informe-proposta, de data 20 de febreiro, elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería delegada de Servizos Xerais, mediante providencia de data 02 de febreiro, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO :**

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 1-T/2018, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:**

**Área de Gasto 9**

**A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO**

Aplicación	Descrición	Importe
N130.9200.62200	Acondicionamento e mellora edificios municipais	67.912,69 €
<b>Total Transf. Positivas:</b>		<b>67.912,69 €</b>

**B) APLICACIÓN QUE TRANSFIREN CRÉDITO**

Aplicación	Descrición	Importe
N130.9202.22612	Xornadas formación TAO	12.912,69 €
N130.9202.22706	Mantemento rede Wifi	55.000,00 €
<b>Total Transf. Negativas:</b>		<b>67.912,69 €</b>

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.**

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior accidental, dou fe.